

NOVENOITES

*Caderno de lecturas e críticas de
Francisco Martínez Bouzas*

Un barco solitario entre a néboa

Enviado o 23 de Xuño de 2012


Ecós da néboa

Ricardo Martínez-Conde

Limiar de Anxo Tarrío Varela

Ilustración da cuberta: Ánxela Pérez Meilán

Editorial Trifolium, A Coruña, 2012, 61 páxinas.




Achégome a estes aforismos de Ricardo Martínez-Conde que a Editorial Trifolium vén de editar na colección “Literae”, co convencemento de que ao subxénero aforístico se lle pode aplicar aquilo que Andrés Neuman escribira verbo do minirrelato: xoga a súa saúde e quizais a súa resurrección en dúas liñas, na parquidade e na excepcionalidade. Cada aforismo, en efecto, debe de ser un estado puro de excepcionalidade. A súa parquidade verbal, o seu laconismo na expresión verbal, encerran porén unha completa visión do mundo.

En efecto, en pouco máis de medio cento de páxinas, Ricardo Martínez-Conde (Aldariz, 1951), posiblemente o primeiro escritor que na literatura galega se enfrontou cun libro de Haikus, achéganos unha mancha de aforismos, sentenzas breves -moitas delas concentradas nunha soa liña-, non xustificadas nin razoadas, mais posuidoras dun contido máis profundo do que se percibe a primeira vista, ou do que nunha sinxela lectura inxenua captamos ou pensamos que quere dicir.

O aforismo -e nos de Martínez-Conde atopamos mostras abundas- suxire, insinúa o que se quere dicir.

Na tradición pois de Heráclito, Marco Aurelio, Pascal, Montaigne ou Nietzsche, Ricardo Martínez Conde agasállanos con verdadeiras alfaias sapienciais, raianas cos proverbios, refráns, adaxios ou apotegmas, modos de expresión da realidade que concordan coa idea de que o inacabado pode e debe ser considerado como unha obra de arte. Xa que en realidade ningunha obra de arte está nunca acabada. O inacabamento esencial destas sentenzas de Ricardo Martínez-Conde e a súa principal virtude é a súa capacidade para funcionaren como un ser vivo, sempre en proceso de crecemento ou individuación.



Ricardo Martínez-Conde

Os aforismos de Martínez-Conde son, por outra banda resultado, non de apriorismos -velaquí a súa diferenzas dos axiomas- senón de experiencias concretas, tiradas de múltiples eidos da vida ou da nosa relación coa realidade. E abranguen temáticas moi diversas, en xeral, os grandes asuntos, temas e teimas que preocupan ao ser humano.

Un amplo e contextualizador limiar de Anxo Tarrío Varela, que define o autor destas sentenzas como escritor de “cerna densa”, e unha fermosa ilustración na cuberta de Ánxela Pérez Meilán converten esta publicación nun meiró rebordante de sabedoría concentrada en formas microliterarias. Un barco solitario entre a néboa, como escribe Anxo Tarrío.

This entry was posted in [Aforismos](#), [Crítica literaria](#), [Narrativa galega](#) and tagged [Ánxela Pérez Meilán](#), [Anxo Tarrío](#), [Ecos da néboa](#), [Editorial Trifolium](#), [Ricardo Martínez-Conde](#). Bookmark the [permalink](#).

NOVENOITES

Proudly powered by [WordPress](#).